



DOCUMENTO TÉCNICO

Os materiais deste recurso veñen presentados en dous formatos:

- * como un curso para instalación e visualización nunha aula virtual Moodle.
- * como un libro dixital Ibook da ferramenta Ibook Author

Dentro do curso Moodle os contidos foron empacutados coa ferramenta exelearning e se crearon espazos para as entregas das tarefas dentro da aula.

No libro dixital os contidos están totalmente integrados para a súa visualización e traballo dentro do Ibook a través de widgets propios.

Na propia aula virtual hai unha zona de descargas onde se atopan os arquivos fonte de extensión .elp dos exelearning así como doutros materiais que podan ser modificados, infografías, presentacións, etc

Nesta zona tamén se atopa a copia de seguridade do curso para poder descargala e instalalo.

O Ibook está como contido principal dispoñible para a súa descarga no primeiro módulo do curso.

Instalación do curso moodle

- Descargar a copia de seguranza. Na zona de descargas do curso atópase a copia de seguridade do mesmo, ao picar enriba dela este arquivo descárgase no ordenador
- Na aula virtual na que se quere instalar imos ao bloque de administración e picamos en restaurar
- Indicamos que queremos restaurar a copia que temos descargada
- Eleximos se o facemos nun curso novo ou nun existente
- Eleximos os elementos que queremos instalar ou instalamos todo o curso ao completo
- Restauramos

Uso do libro dixital

- Este libro é unha creación dixital multitouch realizado con iBooks Author, a ferramenta gratuíta deseñada por Apple para a creación de libros dixitais interactivos que poden ser visualizados en:
 - A plataforma Apple de escritorio, coñecida como Macintosh. É necesario contar co sistema operativo macOS Mavericks ou posterior.
 - A plataforma iOS, na que se atopan o iPhone e o iPad. É preciso utilizar iOS 6 ou posterior.
- Para poder lelo dende calquera deles, o máis sinxelo e efectivo é descargalo dende a aula virtual no teu dispositivo, de xeito que o sistema operativo xa o gardará na app “iBooks” para a súa posterior lectura. Ten en conta que o libro pesa máis de 500 MB polo que a descarga levará un tempo que variará da túa velocidade de conexión a Internet.